

Expte. 15857/444

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, FONTES ORNAMENTAIS (ARAGÓN, BICENTENARIO, PRAZA AMERICA, GRAN VIA, PAELLERA, E ESTANQUES DE MONTERO RÍOS) E INSTALACIÓNS DE ENERXÍA EÓLICA E FOTOVOLTAICA DO CONCELLO DE VIGO.

INDICE

Cláusula 1.- <u>Obxecto do prego</u>	1
Cláusula 2.- <u>Instalacións obxecto do prego</u>	1
Cláusula 3.- <u>Alcance das prestacións do contrato</u>	2
Cláusula 4.- <u>Xestión e Organización do Servizo</u>	3
1. Organización para a prestación do servizo.	
2. Horarios para a prestación do servizo.	
3. Directrices xerais do servizo municipal.	
4. Coordinación dos traballos.	
5. Información do servizo. Xestión documental dos traballos.	
6. Prazos de resposta para as avarias.	
7. Inspeccións e revisión das instalacións existentes.	
8. Inspeccións e revisión das instalacións novas.	
9. Manipulación das instalacións por terceiros.	
10. Instalaicóns temporais.	
11. Asesoramento técnico. Presupostos, proxectos, memorias e informes.	
12. Servizo permanente de recepción de avisos.	
13. Servizo de garda e retén.	
Cláusula 5.- <u>Marco normativo</u>	5
Cláusula 6.- <u>Xestión e control do mantemento integral e conservación das instalacións</u>	7
Cláusula 7.- <u>Programa de mantemento</u>	8
7.1. <i>Mantemento conductivo de instalacións.</i>	
7.2. <i>Mantemento preventivo das instalacións.</i>	
7.3. <i>Mantemento Técnico legal das instalacións.</i>	
7.4. <i>Mantemento correctivo das instalaicóns.</i>	
7.5. <i>Mantemento modificativo das instalacións.</i>	
7.6. <i>Optimización do servizo.</i>	
7.7. <i>Operacións de limpeza e pintado das instalacións.</i>	
7.8. <i>Tratamento de augas, depuración e cloración.</i>	



7.9. *Calidade da auga das fontes.*

7.10. *Horarios de fontes asociados á prestación do servizo.*

7.11. *Obra civil.*

Cláusula 8.- <u>Medios mínimos para a execución do contrato</u>	33
Cláusula 9.- <u>Condições para a correcta execución do contrato</u>	34
Cláusula 10.- <u>Plans de traballo</u>	37
Cláusula 11.- <u>Renovación das instalacións</u>	37
Cláusula 12.- <u>Informe sobre as instalacións obxecto do contrato</u>	39
Cláusula 13.- <u>Residuos</u>	40
Cláusula 14.- <u>Inspección e supervisión polo Concello</u>	40
Cláusula 15.- <u>Axudas e subvencións</u>	40



Expte. 15857/444

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS E INSTALACIÓNS DE ENERXÍA EÓLICA E FOTOVOLTAICA DO CONCELLO DE VIGO.

Cláusula 1.-Obxecto do prego.

O propósito do presente prego é fixar as condicións da prestación do servizo de mantemento das instalacións de alumeado público, de túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, das fontes ornamentais que figuran no inventario anexo deste prego, das instalacións de enerxía renovable (eólica e solar fotovoltaica) do concello de Vigo, co obxecto de acadar o correcto funcionamento das mesmas e adaptalas a regulamentación vixente.

A súa finalidade é a realización dun mantemento adecuado, tanto preventivo como correctivo con controis periódicos e coa substitución de materiais e aparatos avariados ao obxecto de acadar un funcionamento correcto, continuado e eficaz das instalacións, minimizando as paradas do funcionamento como consecuencia das avarías e optimizando o rendemento enerxético das mesmas, de acordo coas normas e regulamentos de aplicación fixados polas leis en vigor, en cada momento.

Así mesmo preténdese asegurar os niveis técnicos das instalacións e a reposición de todos os equipos de iluminación e equipos asociados, a limpeza dos mesmos, co propósito de manter un aceptable equilibrio entre os niveis de iluminación proporcionados e o seu custe enerxético.

Quedan excluídos do presente contrato os gastos derivados do consumo de enerxía eléctrica dos diferentes equipos e instalacións, así como os derivados do mantemento do paquete de rodadura no que respecta aos túneles e pasos inferiores .

Cláusula 2.-Instalacións obxecto do prego.

O adxudicatario farase cargo das instalacións actuais contempladas nos anexos I, II, III e IV, nas condicións nas que se encontren no intre de adxudicación do contrato, así como, das instalacións que no futuro se poidan incorporar.

Se o contratista estimara oportuno levar a cabo modificacións nas instalacións obxecto do contrato, deberá comunicar a súa proposta ao responsable do contrato, que deberá autorizala se a estima oportuna, salvo que supoña unha modificación do contrato, suposto no que deberá formular a correspondente proposta ó órgano de contratación.

O presente prego establece as condicións técnicas de actuación en materia de mantemento integral (conectivo, técnico, preventivo, correctivo, correctivo urxente e modificativo) das instalacións obxecto do contrato.

•**Alumeado público:** Inclúe tódalas instalacións de alumeado exterior de titularidade municipal, alumeados ornamentais e áreas deportivas, cadros de mando e protección, luminarias, liñas eléctricas, soportes, canalizacións, arquetas e demais elementos das instalacións

Calesquera outro equipamento ou instalación que sexa incorporado durante o desenvolvemento do contrato, mentras non superen o 1% do número de puntos de luz instalados anteriores ao inicio do contrato.

Achégase Anexo I a este prego relación destas instalacións indicando nº de puntos de luz, tipo de luminaria e lámpada, cadros de mando e ubicación, tipo de soporte, etc.



•Túneles e pasos inferiores e galerías de servizos: transformadores, grupos electrógenos, cadros de mando, control e protección, equipos e circuitos de iluminación, equipos e circuitos de ventilación, rede contra incendios, bombeos de pluviais, canalizacións, ventilación, higrómetros, detectores de inundación, paramentos verticais (interiores, exteriores, beirarrúas e medianeiras), locais das instalacións, elementos auxiliares tales como reixas de ventilación e sumidoiros de pluviais (sempre que non estean situadas en zonas de rodadura), etc.

Calesquera outro equipamento ou instalación que sexa incorporado durante o desenvolvemento do contrato, mentras non superen o 2% da potencia instalada anterior ao inicio do contrato.

Achégase Anexo II a este prego relación destas instalacións indicando as catactéísticas técnicas dos equipos das mesmas.

•Fontes ornamentais (Aragón, Bicentenario, Prza America, Gran Vía , Paellera, e Estanques de Montero Ríos): cadros de mando e protección, proxectores, liñas eléctricas, soportes, canalizacións, bombas, anemómetros, detectores de inundación e demais elementos das instalacións.

Calesquera outro equipamento ou instalación que sexa incorporado durante o desenvolvemento do contrato, mentras non superen o 4% da potencia instalada anterior ao inicio do contrato.

Achégase Anexo III a este prego relación destas instalacións indicando as características técnicas das mesmas.

•Instalacións de enerxías renovables : Instalacións de enerxía eólica, instalacións de enerxía solar fotovoltaica (cadros de mando e control, soportes, aeroxeradores, paneis fotovoltaicos, inversores, circuitos, telecontrol, baterías, etc.)

Calesquera outro equipamento ou instalación que sexa incorporado durante o desenvolvemento do contrato, mentras non superen o 4% da potencia instalada anterior ao inicio do contrato.

Achégase Anexo IV a este prego relación destas instalacións indicando as características técnicas das mesmas.

Cláusula 3. Alcance das prestacións do contrato.

As prestacións do contrato concréntanse nas seguintes:

- **Mantemento conductivo**, que consiste en inspeccionar o funcionamento das instalacións (acendidos, apagados, consumos, estado xeral, etc.) tanto de día como de noite, reparando aquelas avarías de pequena entidade que poidan producirse.
- **Mantemento preventivo**, comprenderá como mínimo as prestacións descritas na cláusula 7.2 deste prego, incluso en horario nocturno (reposicións de lámpadas e limpeza de luminarias, pintado de soportes, revisións de cadros e centros de mando).
- **Mantemento correctivo**, comprende as reparacións que subsanan as avarías que se produzan (avarías, fallos en acendidos, derribos, obsolescencia, vandalismo, climatoloxía adversa, roubos de material, etc.), operando baixo protocolos de comunicación, calidade na execución dos traballos e tempo de resposta establecidos na cláusula 7 deste prego, en horario de mañá, tarde e noite tódolos días do ano.
- **Mantemento correctivo urgente**, comprende as reparacións que subsanan as avarías urgentes que se produzan cando esta deficiencia poida ser causa de accidente ou grave prexuízo, tendo esta actuación carácter de inmediato e realizándose polo retén de garda 24h.
- **Mantemento modificativo**, que incluírá o estudo de pequenas reformas convintes, a xuízo do adxudicatario para as instalacións. Incluírá tanto o asesoramento como o presuposto das



mesmas. O responsable do contrato, se as considerase oportunas, procederá a tramitar o correspondente contrato para a execución das mesmas.

- **Mantemento técnico legal**, que incluírá as inspeccións das distintas instalacións mediante organismos de control autorizados (OCAS), coa frecuencia fixada pola Administración. Se o informe de inspección impón á realización de obras, o adxudicatario deberá elaborar presuposto das mesmas.
- **Desvíos de servizos**, traballos consistentes en retranqueo de liñas, desprazamento de puntos de luz, desprazamento de soportes ou doutros elementos das instalacións, realizados de xeito provisional ou definitivo, operando baixo protocolos de comunicación, calidade na prestación dos traballos,.
- **Obra civil**, comprende traballos tales como canalizacións soterradas, bases, cimentacións, localización de redes, impermeabilizacións, arranxo de arquetas e arquetóns, reparación de paramentos e beirarrúas en túneles e pasos inferiores ou similares.
- **Servizo 24 horas**, comprende a asistencia para reparacións, acendidos extraordinarios, e servizos de urxencia, 24 horas ao día, tódolos días do ano.
- **Actualización dos datos no sistema de telexestión** do Servizo Municipal de control das distintas instalacións e a captura de datos para a súa inclusión en inventarios das instalacións.
- **Xestión documental dos mantementos** mediante a presentación de informes, como mínimo trimestralmente.
- **Actualización de información técnica sobre as instalacións**. O contratista realizará os estudos e medicións necesarias para manter actualizados os consumos enerxéticos, planimetría, niveis lumínicos e niveis de eficiencia.
- **Xestión de residuos asociados ao mantemento das instalacións**. Asociados ao mantemento das instalacións (lámpadas, luminarias, equipos, soportes, mecanismo e outros elementos).
- **Actuacións técnicas necesarias para cada tipo de instalación**, por imperativo legal ou fixadas pola Compañía Subministradora (legalizacións, acometidas, inspeccións regulamentarias, etc.).
- **Realizar análises para a modernización e mellora das instalacións cando elo se traduza en eficiencia, calidade de servizo, das instalacións ou aforro enerxético**.
- **Acceso ao software instalado nos cadros de mando ou aos módulos de comunicación, para o coñecemento e programación dos centros de mando**, baixo supervisión municipal, dando continuidade á operatividade do programa de Telexestión existente.
- **Instalacións provisionais de cadros de protección e circuitos eléctricos para eventos**, en colaboración co servizo técnico municipal, incluíndo as tramitacións legais necesarias.

Cláusula 4. Xestión e Organización do Servizo.

1. Organización para a prestación do servizo.

O Adxudicatario deberá presentar ao concello un organigrama do persoal adscrito ao contrato coas funcións encomendadas para a prestación do servizo. Este organigrama deberá propoñerse na oferta técnica e deberá responder con plenas garantías ás necesidades de xestión do servizo.



2. Horarios para a prestación do servizo.

O horario de prestación do servizo por parte do adxudicatario será de 24 hora de tódolos días do ano. A prestación do servizo por parte do persoal técnico e administrativo adscrito ao contrato deberá cubrir, como mínimo, o horario de funcionamento do servizos municipais.

3. Directrices xerais do servizo municipal.

O concello a través do servizo municipal responsable do contrato fixará co coordinador do contrato por parte do adxudicatario a planificación e control das prestacións contractuais e a toma das decisións para a execución das mesmas.

4. Coordinación dos traballos.

A coordinación de tódolos traballos a executar, relacionados co contrato será entre o coordinador do contrato nomeado polo adxudicatario e o técnico municipal responsable do contrato.

5. Información do servizo. Xestión documental dos traballos.

Tódolos traballos de mantemento que se executen nas instalacións deberán quedar rexistrados mediante a aplicación informática que o adxudicatario terá permanentemente actualizada e á que terá acceso web en tempo real o concello. Dita aplicación permitirá obter informes periódicos sobre partes de traballo, actuacións levadas a cabo sobre as instalacións, etc., que deberá ter un formato compatible coa plataforma dixital do concello.

6. Prazos de resposta para as avarías.

Establecerase para cada tipo de instalación e será en función do tipo de avaría que se produza e a repercusión que a mesma teña sobre a necesidade social de que a mesma estea funcionando. Estes prazos quedan definidos, como mínimos, na cláusula 7 deste prego.

7. Inspeccións e revisión das instalacións existentes.

O adxudicatario deberá levar a cabo tódalas revisións das instalacións que estean reguladas por normativa legal (OCAS), por prescrición dos fabricantes dos equipos instalados ou polo establecido neste prego dentro do mantemento preventivo.

8. Inspeccións e revisión das instalacións novas.

En colaboración co servizo municipal o adxudicatario levará a cabo a revisión e inspección de tódalas instalacións relacionadas co contrato, que se estean a executar por parte do concello ou por terceiros e que vaian a ser posteriormente obxecto de mantemento por parte do adxudicatario, tanto durante a execución das mesmas como no seu remate cara a súa recepción definitiva. Neste sentido tódalas instalacións novas que se vaian a pasar a mantemento a cargo do adxudicatario deberán ser informadas previamente cun “informe de recepción” do estado real das mesmas cara a súa inclusión no inventario de instalacións obxecto do contrato. Este informe deberá ser entregado ao concello nun prazo non superior a 7 días dende a data de solicitude.

9. Manipulación das instalacións por terceiros.

Para que un terceiro alleo ó contratista poida manipular unha instalación obxecto deste contrato, deberá outorgarse previamente autorización polo servizo municipal responsable do contrato, e deberá comunicarse ó adxudicatario con carácter previo a súa realización, que deberá supervisala.

10. Instalacións temporais.

As instalacións temporais que vaian a estar conectadas as existentes obxecto do contrato (cadros de obra, cadros para eventos) deberán ser previamente autorizadas polo Servizo municipal e executadas, ou alomenos supervisadas, polo adxudicatario. O responsable do contrato e o adxudicatario



conxuntamente elaborarán un protocolo de actuacións para este tipo de instalacións no prazo de tres meses seguintes o inicio do contrato.

11. Asesoramento técnico. Presupostos, proxectos, memorias e informes.

O adxudicatario a través do seu persoal técnico ao servizo do contrato prestará ao concello asesoramento para:

- Redacción de proxectos de instalacións eléctricas ou electromecánicas que o concello pretenda elaborar.
- Información de proxectos de instalacións eléctricas ou electromecánicas encargados polo concello, ou presentados por terceiros, que necesiten informe técnico municipal, ou que vaian a ser posteriormente aprobados polo concello.
- Colaboración co servizo técnico municipal no control de facturación dos distintos contratos de subministro eléctrico.
- Colaboración co servizo técnico municipal en estudos para a implantación de medidas de eficiencia enerxética nas instalacións.
- Tramitación da legalización de instalacións ante os organismos correspondentes excluindo as taxas das mesmas.
- Elaboración de informes varios que teñan relación co obxecto do contrato.

12. Servizo permanente de recepción de avisos.

O adxudicatario deberá contar cun servizo de atención telefónica gratuíta (líña 900) para avisos as 24 horas de tódolos días do ano para recibir queixas, suxerencias ou avisos por parte dos cidadáns. Este servizo deberá contar cun rexistro informatizado de tódalas chamadas recibidas.

13. Servizo de garda e retén.

O adxudicatario deberá contar na súa programación de traballos diaria cun servizo de retén para actuacións urxentes durante as 24 horas de tódolos días do ano, incluso domingos e festivos.

Cláusula 5. Marco normativo.

A execución dos traballos terá en conta a seguinte normativa de aplicación ás instalacións e de seguridade laboral:

- Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais.
- Real Decreto 485/1997 de 14 de abril sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.
- Real Decreto 773/1997 de 30 de maio sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual.
- Regulamento de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- Real Decreto 1215/1997 de 18 de xullo polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo.
- Código Técnico de la Edificación (CTE) e os seus Documentos Básicos correspondentes.
- REAL DECRETO 833/1988, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Residuos Tóxicos e Perigosos (B.O.E. nº 182, de 30.7.88), modificado polo REAL DECRETO 952/1997, de 20 de xuño (B.O.E. nº 160, de 5.7.97)





- ORDE de 28 de febreiro de 1989 que regula a Xestión de Aceites Usados (B.O.E. nº 57, de 8.3.89), modificada pola ORDE de 13 de xuño de 1990 (B.O.E. nº 148, de 21.6.90)
- ORDE de 13 de outubro de 1989 pola que se determinan os Métodos de Caracterización dos Residuos Tóxicos e Perigosos (B.O.E. nº 270, de 10.11.89)
- LEI 10/1998, de 21 de abril, de Residuos (B.O.E. nº 96, de 22.4.98)
- ORDE de 13 de xuño de 1990, pola que se modifica a Orde de 29 de febreiro de 1989, pola que se regula a xestión de aceites usados
- REAL DECRETO 1481/2001 de 27 de decembro polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedeiro.
- REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2001 de 20 de xullo polo que se aproba o texto refundido da lei de augas (B.O.E. 24.07.01)
- REAL DECRETO 849/1986, de 11 de abril, aprobación do Regulamento do Dominio Público Hidráulico que desenvolve os títulos preliminares I, IV, V, VI, y VII da LEI 29/85 de augas (B.O.E. nº 103, de 30.4.86), modificado polo REAL DECRETO 1315/1992 (B.O.E. nº 288, de 1.12.92), polo REAL DECRETO 419/1993 (B.O.E. nº 89, de 14.4.93) e polo REAL DECRETO 995/2000 (B.O.E. nº 147, de 20.6.00)
- REAL DECRETO 1997/1995, de 7 de decembre, polo que se establecen medidas para contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (BOE nº 310 de 28/12/1995).
- LEI 4/1.989 de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres Modificado pola lei 41/1.997
- LEI 6/2001 de 8 de maio de modificación do real decreto legislativo 1302/1986 de 28 de xuño de avaliación de impacto ambiental.
- Regulación da produción e xestión dos residuos de construción e demolición (RD 105/2008).
- Requisitos mínimos de seguridade nos túneles de estradas do Estado (Real Decreto 635/2006).
- Manual de explotación dos túneles da RCE (OC 33/2013).
- Metodoloxía de inspección de túneles (OC 27/2008)
- Metodoloxía de análises de risco en túneles da Rede de Estradas do Estado (Resolución 30-05-12)
- Instrucións complementarias para a utilización de elementos auxiliares de obra na construción de túneles (NS 2/2006)
- Adaptación al Real Decreto 635/2006, sobre requisitos mínimos de seguridade en túneles de estradas do Estado (NS 3/2006)
- Regulamento xeral de estradas (Real Decreto 1812/94).
- Regulamento xeral de circulación (Real Decreto 1428/03)
- "Recomendacións para a Iluminación de Estradas e Túneles" do Ministerio de Fomento de 1999.



- Orde Circular 36/2015 de 24 de febreiro, sobre criterios a aplicar na iluminación de estradas a cielo aberto e túneles. Tomo I
- Orde Circular 36/2015, de 24 de febreiro, sobre criterios a aplicar na iluminación de estradas a cielo aberto e túneles. Tomo II
- Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeados exterior e as súas Instrucións técnicas complementarias (Real Decreto 1890/2008).
- "Recomendacións para a Iluminación de Estradas e Túneles" do Ministerio de Fomento de 1999.
- Real Decreto 1942/1993, de 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios.
- Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais (Real Decreto 2267/2004).
- Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.
- Lei do Ruido (Ley 37/2003).
- Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios.
- Desenvolvemento da Lei do ruido, no referente á avaliación e xestión do ruido ambiental (RD 1513/2005).
- Lei 21/1992 de 16 de xullo, de Industria.
- Real Decreto 2060/2008, de 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de equipos a presión e as súas instrucións técnicas complementarias.
- Real Decreto 379/2001, de 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas instrucións técnicas complementarias MIE-APQ-1, MIE-APQ-2, MIE-APQ-3, MIE-APQ-4, MIE-APQ-5, MIE-APQ-6 y MIE-APQ-7
- Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias ITC-RAT 01 a 23.
- REAL DECRETO 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexielose.
- Ordenanzas municipais do Concello de Vigo.

Cláusula 6. Xestión e control do mantemento integral e Conservación das instalacións.

O software de xestión que se contempla dentro das obrigas do contratista deberá propoñerse na oferta técnica e deberá responder con plenas garantías ás necesidades de xestión municipal. O sistema proposto pola empresa deberá ser aprobado polo Concello, quen se reserva o dereito de esixir aplicacións informáticas diferentes con cargo ao presuposto do contrato.

A ferramenta informática traballará en entorno web e permitirá definir os usuarios que o concello designe para o control do contrato. A empresa adxudicataria encargárase do seu mantemento durante a vida do contrato. Deberá permitir una rápida identificación da relación de instalacións así como a obtención de información asociada á xestión do contrato.



Será responsabilidade da empresa adxudicataria a actualización continua de datos ao software de xestión de mantemento integral así como do inventario de instalacións, que conterá unha relación exhaustiva de equipos, liñas, soportes, luminarias, bombas, ventiladores, saís, xeradores, instalacións e cartografía das instalacións.

O software de xestión aprobado deberá:

- Xestionar as instalacións.
- Planificar mantementos.
- Xerar órdes de traballo.
- Xestionar incidencias.
- Xestionar almacén e repostos.
- Xestionar o seguemento de avarías dos distintos elementos.
- Xerar informes técnicos e económicos asociados ao contrato, de acordo cos ratios e indicadores establecidos.
- Incorporar toda a información técnica asociada ao contrato.

O software de xestión aprobado deberá permitir almacenar copias dixitais de tódolos certificados e documentación técnica asociada ao contrato, conformando unha base de datos completa das instalacións.

Cláusula 7. Programa de mantemento.

Cada revisión quedará rexistrada no programa de mantemento coa información detallada do estado das instalacións e das eventuais substitucións ou reparacións realizadas.

A empresa adxudicataria elaborará os cadros e gráficos requiridos polo Servizo Técnico Municipal co obxecto de determinar a vida útil das instalacións e poder desenrolar un óptimo programa de mantemento preventivo dos elementos establecidos neste prego.

A programación da substitución efectuarase en función das horas de funcionamento, considerado como período de utilización aproximadamente o 80% da vida útil.

O programa, revisarase periódicamente, actualizándose segundo as necesidades da explotación do Servizo, as Ordenanzas Municipais, os Regulamentos e Normativas legais vixentes en cada momento e os requirimentos do Servizo Técnico Municipal.

Esta prestación acadará ás instalacións que de seguido se relacionan por tipo:

a) Alumeado público.

Forman parte do alcance desta prestación os seguintes elementos :

- Cadros de mando e protección.
- Luminarias e proxectores.
- Soportes.
- Liñas eléctricas, canalizacións, arquetas e demais elementos das instalacións.

b) Túneles, pasos inferiores e galerías de servizos.

Forman parte do alcance desta prestación os seguintes elementos :

- As instalacións eléctricas e os equipamentos de media tensión de transformación.



- Grupo electróxico de seguridade.
- As instalacións eléctricas de baixa tensión (armarios e cadros de mando e protección) .
- As instalacións e equipos de iluminación interior, exterior e de emerxencia.
- As instalacións e equipos de ventilación, opacímetros e canalizacións, detectores de inundacións, higrómetros.
- As instalacións e equipos de auga de refrixeración de grupos electróxicos, da rede contraincendios.
- Os sistemas de alimentación ininterrompida.
- As instalacións de bombeo de pluviais dos túneles, pasos inferiores e galerías.
- Os paramentos interiores, exteriores e medianeiras dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos.
- As beirarrúas de seguridade do interior dos túneles e pasos inferiores.
- Os elementos auxiliares das instalacións de ventilación e bombeos (reixas de ventilación ou sumideiros de pluviais). Quedan fora deste mantemento os marcos de ditos elementos con ancoraxes á lousa e as reixas que estean ubicadas en zonas de rodadura exterior.

c) Instalacións de fontes ornamentais.

Forman parte do alcance desta prestación os seguintes elementos :

- Cadros de mando e protección.
- Proxectores de iluminación.
- Soportes.
- Liñas eléctricas, canalizacións, arquetas e demais elementos das instalacións.
- Bombas .
- Variadores.
- Circuitos de auga.
- Casetóns.
- Anemómetros.
- Resto de elementos e equipos das instalacións.

d) Instalacións de enerxía eólica e fotovoltaica.

Forman parte do alcance desta prestación os seguintes elementos :

- Cadros de mando e protección.
- Muíños.
- Paneis fotovoltaicos.

7.1.- Mantemento condutivo de instalacións.

O mantemento condutivo ten por finalidade comprobar o correcto funcionamento de tódalas instalacións obxecto do contrato, así como atender a aquelas pequenas reparacións urxentes que permitan o funcionamento total ou parcial das mesmas.



Inclúese un servizo de inspección e exame periódico das instalacións, a realizar tanto de día como de noite según a frecuencia e ruta aprobada (mínima a definida no mantemento preventivo), comprobando o funcionamento de lámpadas, cadros e centros de mando, bombas, opacímetros, aceleradores, rearme de térmicos e diferenciais, etc., xerando partes de incidencias cando se detecten fallos e intentando a subsanación urxente cando ésta sexa posible.

Tamén se inclúe unha inspección diurna, que perseguirá a comprobación do estado de soportes, conservación das luminarias, proxectores, centros de mando e instalacións en xeral.

Todos os partes de incidencia quedarán recollidos no programa informatizado ao efecto para poder ser controlados polo servizo municipal coa frecuencia necesaria para o correcto seguemento dos traballos.

7.2. - *Mantemento preventivo das instalacións.*

O mantemento preventivo é aquel que ten por obxecto anticiparse á aparición de problemas nas instalacións, minimizando os fallos nas mesmas.

A prestación do mantemento preventivo comprende un conxunto de operacións xerais que deberán ser executadas de forma continuada e debidamente coordinadas a fin de manter as instalacións en continuo funcionamento e que ao mesmo tempo deberán prever a aparición de anomalías no estado das instalacións.

O mantemento preventivo efectuarase seguindo un programa que defina o conxunto de operacións a realizar en cada equipo e/ou instalación e a súa periodicidade, inclúe: comprobacións, substitucións e probas detalladas de elementos e equipos das instalacións, que poden obrigar a efectuar desmontaxes, axustes, regulacións, limpeza, pintado e cantas manipulacións se requiran para que todas as instalacións obxecto do contrato teñan un correcto funcionamento e cumpran coas especificacións deste Prego, coas esixencias do Servizo Técnico Municipal, coas recomendacións dos fabricantes dos equipos e co contido da Normativa legal ao respecto.

De forma xeral as labouras de mantemento programadas destas instalacións, a súa frecuencia de revisión e controis a efectuar, segundo tipo de instalación serán como mínimo as seguintes:

a) *alumeado.*

Centros de mando

Tarefa	Frecuencia
Conservación e mantemento de centros de mando.	Bianual
Retirada de pegatinas da envolvente exterior.	Bianual
Limpeza xeral interior e exterior do centro de mando.	Bianual
Comprobación do estado da pintura no centro de mando, e repaso de defectos.	Bianual
Actualización da etiqueta autoadhesiva na que figurará o número do parte de revisión coa data na que ésta efectúouse.	Necesidade
Comprobación do calibrado e funcionamento dos dispositivos de protección (interruptores diferenciais, magnetotérmicos, ...).	Bianual
Comprobación do funcionamento automático e manual do dispositivo de accionamento.	Bianual
Revisión, reapriete e posta a punto de todas as partes eléctricas: contactores, interruptores, conexións, fusibles, ...	Bianual
Control de acendidos e apagados	Diaria
Control e equilibrio de fases	Bianual



Medición e control do factor de potencia	Necesidad
Control de consumo de enerxía reactiva segundo coeficiente de penalización fixado pola compañía subministradora.	Necesidad
Medición de tensións en centros de mando, entrada e saída.	Bianual
Comprobación termográfica de dispositivos en cadros para controlar consumos irregulares e prevenir fallos	Bianual
Comprobación funcionamento e parametrización de reguladores-estabilizadores.	Anual
Comprobación de autómatas de telexestión.	Anual
Comprobación dos elementos mecánicos de peche e de ventilación natural do centro de mando.	Bianual

Puntos de luz

Tarefa	Frecuencia
Conservación e mantemento de lámpadas	No cambio da fonte de luz
Conservación e mantemento de soportes: estado físico, ancoraxes e portezuelas de rexistro.	No cambio da fonte de luz
Conservación e mantemento de luminarias: comprobación xuntas dos peches, correcta posición luminaria e portalámpadas, limpeza reflector e difusor.	No cambio da fonte de luz
Revisión e reaxustes de todos os compoñentes eléctricos asociados ao punto de luz, verificación e reaxustes nas caixas de protección, verificación da correcta posta a terra.	No cambio da fonte de luz
Comprobación dos dispositivos de protección.	No cambio da fonte de luz
Comprobación do sistema individual de posta a terra.	No cambio da fonte de luz
Medición de iluminancia e verificación das características fotométricas.	Bianual
Medición de niveis de iluminación con luminancímetro (o RD1890/2008 fixa valores en cd /m ²)	Necesidad
Limpeza, eliminación pegatinas e pintado soportes alumbrado público zona urbana	Bianual
Limpeza, eliminación pegatinas e pintado soportes alumbrado público zona periurbana-rural	Cada 4 anos
Limpeza, eliminación pegatinas e pintado soportes alumbrado público paseos marítimos	Anual
Eliminación de anuncios, ataduras, ... nos soportes	Necesidade

Rede eléctrica.

Tarefa	Frecuencia
Conservación e mantemento de liñas	Continua
Control e mantemento do sistema de postas a terra e correntes de fuga	Bianual
Comprobación da caída de tensión ao final de liña.	Bianual
Comprobación da resistencia de illamento.	Bianual
Comprobación do estado de arquetas.	Cada 4 anos



Comprobación de canalizacións e da mobilidade das liñas soterradas.	Cada 4 anos
Verificación das conexións, continuidade dos condutores de protección e resistencia das tomas de terra.	Bianual
Limpeza dos sensores de presenza o fotocelulas	Anual

b) Túneles, pasos inferiores e galerías de servizos

Ventilación

Tarefa	Frecuencia
Aceleradores: Comprobación de estado e funcionamento.	Diaria
Ventiladores semitransversales: Comprobación de estado e de funcionamento.	Diaria
Limpeza.	Anual
Comprobar Consumos.	Mensual
Comprobar Desgaste de coxinetes.	Anual
Comprobar Caudales de aire.	Mensual
Comprobar Que as turbinas xiran libremente.	Mensual
Comprobar Limpeza de álabes.	Mensual
Comprobar Verificar R.P.M. de ventilador.	Anual
Engrase cojinetes.	Anual
Reaxuste de parafusos en xeral.	Anual
Control de funcionamento e limpeza da central.	Semanal
Control de funcionamento e limpeza de detectores CO.	Semanal
Control de funcionamento e limpeza opacímetros.	Semanal
Control de funcionamento e limpeza anemómetros.	Semestral
Revisión de conducto de ventilación.	Mensual

centros de transformacion

Tarefa	Frecuencia
Comprobación de funcionamento, control de parámetros eléctricos e térmicos.	Diaria
Limpeza.	Anual
Medidas das resistencias de posta a terra das instalacións nos postos de mando e protección coa correspondente comprobación de continuidade	Anual
Medida de illamento de A.T. e B.T. tanto entre fases e terras, como entre fases, coa indicación sobre a situación de traballo dos illamentos, no que se refire a continuación da atmósfera.	Anual
Maniobra de apertura e peche dos seccionadores, así como dos interruptores comprobando a situación de traballo dos contactos. Engrase e alixeramento de mandos mecánicos, enclavamentos.	Anual
Comprobación de calibrado e tarado dos elementos de protección.	Anual
Medida de tensiones entre fases e terras, directa e indirectamente.	Anual



Medidas de intensidade, seccións, calentamentos en liña de baixa tensión.	Anual
Limpeza de illadores de A.T. comprobación de válvulas, respiraderos, estado de pintura e limpeza xeral do centro de transformación, indicándolles os valores medios obtidos, defectos atopados, a súa importancia e forma de correxilos, quedando o centro de transformación en todo momento baixo NORMAS REGULAMENTARIAS. Todas as medicións faranse atendendo ao establecido, polas normas alemanas VDE 0370/1066 e o regulamento electrotécnico español.	Anual
Estudio do consumo de enerxía reactiva.	Semestral

iluminación

Tarefa	Frecuencia
Comprobación visual.	Diaria
Reposición de lámpadas e equipos fora de servizo.	Diaria
Apriete de Bornes de conexións	Anual
Comprobación do illamento.	Anual
Limpeza de luminarias en coordinación con limpeza (limpiar a suciedade e residuos de polución preferentemente en seco, utilizando trapos ou esponxas que non raien a superficie)	Trimestral
Comprobación dos niveis de iluminación.	Anual
Repaso da pintura dos ferraxes.	Cada 4 años
Fotocélulas comprobar Funcionamento	Diaria
Limpeza Fotocélulas	Semanal

instalación baixa tensión

Tarefa	Frecuencia
CADRO DE BAIXA TENSIÓN: Comprobación dos mecanismos de disparo de disxuntores, seccionadores, etc.; Comprobación de fusibles, lámpadas u outro elemento do cadro e reposición dos mesmos. Comprobación de acometidas de instrumentos de medida e automáticos de protección. Apriete de bornes. Limpeza en xeral de cadros. Verificación de toma de terra. Verificación de illamento. Verificación do cableado interior. Revisión de accionamentos. Revisión de relés. Revisión da tensión en bobina de accionamento. Revisión de contactos.	Trimestral
SECCIONADORES DE BAIXA TENSIÓN: Revisión e limpeza exterior.	Trimestral
INTERRUPTORES AUTOMÁTICOS: Revisión visual xeral. Revisión de accionamentos. Revisión de relés. Revisión da tensión en bobina de accionamento. Revisión de contactos. Revisión desconexión en interruptores e diferenciais.	Trimestral
INTERRUPTORES MANUAIS: Comprobación da presión dos contactos móbiles e eliminación de folguras. Comprobación do bo funcionamento dos contactos manuais. Engraxe de accionamentos mecánicos. Revisión de enclavamento. Revisión de prensas, etc. Comprobación de axustes de partes mecánicas. Revisión do estado dos illantes. Comprobación de que as conexións están apretadas correctamente.	Trimestral
RELÉS DE PROTECCION: Comprobar que funcionan correctamente. Comprobación e limpeza das bobinas. Revisar o estado dos illantes. Revisar	Trimestral



e engrasar os mecanismos observando que se movan libremente. Revisar accionamiento, tempo de disparo, etc. Revisar limpando contacto res auxiliares. Revisar e engrasar os mecanismos de relojería nos tipos de temporización. Revisar a escala de tempos. Revisar o aperte das conexións. Proceder a súa limpeza exterior.	
CONTACTORES: Revisar accionamentos mecánicos. Revisar a tensión de desconexión ou caída. Revisión de contactos e substitución si é necesario.	Trimestral
FUSIBLES: Revisar a temperatura en zonas de contactos. Revisar a presión de cuchillos en fusibles deste tipo. Revisar calibrado. Revisar e apretar conexións de pontes. Revisar midiendo a intensidade entre cada fase. Limpar a caixa de fusibles.	Trimestral
PULSADORES: Revisar funcionamento e manioobra correctos.	Trimestral
UNIDADES DE SINALIZACIÓN E MANDO: Comprobar que os temporizadores funcionan correctamente. Revisar o estado de mecanismos en unidades temporizadas. Revisar contactos e apretar conexións. Revisar o estado das lámpadas e substituilas si é necesario. Limpeza en xeral.	Trimestral
EMBARRADOS: Inspección visual. Revisar o calentamento en desviacións e pontes de unión. Revisar os elementos illantes substituíndoos si é necesario. Revisar os asentos en puntos de derivación, conexións e contactos.	Trimestral
REGLETAS: Revisar e apretar as conexións. Limpeza en xeral.	Trimestral
INSTALACIONES INTERIORES E CABLES: Revisar tomas de terra. Comprobar que no se producen calentamentos. Revisar empalmes. Revisión caixas de rexistro e estanqueidade das mesmas. Revisar terminais e apretar bornas. Revisar illantes.	Trimestral
ALUMEADO: Revisión de mecanismos de acendido, pulsadores e enchufes. Substitución de mecanismos. Limpeza de bases. Revisión de cebadores e portacebadores, substituíndoos si é necesario. Revisión de rexillas antideslumbrantes.	Trimestral
INSTALACIÓN DE ALUMEADO DE EMERXENCIA: Revisión das instalacións de alumeado de emerxencia e alumeado de sinalización e substitución das lámpadas fundidas ou baterías agotadas. Revisión dos equipos destinados á alimentación eléctrica secundaria das instalacións de protección contra incendios. Simulación de cortes de enerxía para observación do comportamento do alumeado de emerxencia.	Trimestral
